

FASE I DO ANTEPROXECTO DO PLAN SECTORIAL
DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE GALICIA:
ANÁLISE, INCIDENCIA E DIAGNÓSTICO DO SECTOR
MINEIRO

ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DO COMERCIO
INTERNACIONAL DO SECTOR MINEIRO EN
ESPAÑA E GALICIA

EQUIPO DE TRABAJO:

Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo

- Prof. Dr. Pedro F. Figueroa Dorrego (Director)
- Prof. Dr. Francisco J. López Corrales
- Ana Otero Lima
- Daniel Gallego Ortigueira

ÍNDICE


1. INTRODUCCIÓN: ESTRUCTURA DO DOCUMENTO E METODOLOXÍA.....	5
2. ANÁLISE DO COMERCIO INTERNACIONAL DO SECTOR MINEIRO EN ESPAÑA E GALICIA.....	9
2.1. BALANZA COMERCIAL DO SECTOR EXTRACTIVO MINEIRO EN ESPAÑA E GALICIA.....	9
2.2. BALANZA COMERCIAL DOS PRODUTOS ELABORADOS DO SECTOR MINEIRO EN ESPAÑA E GALICIA.	21
2.3. ANÁLISE ESPECÍFICA DA BALANZA COMERCIAL E DOS FLUXOS DE COMERCIO DO SECTOR DA LOUSA.....	33
2.4. ANÁLISE ESPECÍFICA DA BALANZA COMERCIAL E DOS FLUXOS DE COMERCIO DO SECTOR DO GRANITO.	55
2.5. ANÁLISE ESPECÍFICA DOS FLUXOS DE EXPORTACIÓN DO SECTOR DO CUARZO E DO CAOLÍN	77
3. DIAGNÓSTICO SINTÉTICO.	91
A. ANEXO.....	95
A.1. CLASIFICACIÓN DOS CÓDIGOS TARIC EMPREGADOS.....	95

1. INTRODUCCIÓN: ESTRUCTURA DO DOCUMENTO E METODOLOXÍA.

Neste documento de Análise do Comercio Internacional do sector mineiro en España e Galicia tratarase de ofrecer unha visión sintética dos principais fluxos do comercio internacional do sector mineiro de España en xeral, e de Galicia en particular, considerando esta unha información relevante de cara a toma de decisións empresariais, ó mesmo tempo que se dota ás empresas do sector cunha importante ferramenta informativa coa finalidade de favorecer os seus procesos de internacionalización.

Así, este documento estrutúrase en tres epígrafes e Anexos con información complementaria, tratando o primeiro apartado de ofrecer unha presentación da estrutura do documento e da metodoloxía empregada no mesmo, e constituíndo o segundo epígrafe o núcleo fundamental do documento, onde se analizarán os datos correspondentes ó comercio Internacional do sector mineiro en España e Galicia, estruturados tal e como se amosa na Figura 1. Deste xeito nos dous epígrafes primeiros trátanse en xeral os datos obtidos con referencia ás balanzas comerciais das actividades extractivas e de transformación do sector mineiro respectivamente, facendo fincapé nas exportacións e importacións de cada produto, no saldo comercial que resulta destas operacións, e por último no peso que Galicia posúe sobre o comercio internacional destas actividades en España, todo elo con referencia ó período 2009 -2011.


Figura 1
Estructura da Información



Fonte: Elaboración Propia

Nun segundo bloque de información, trátanse máis polo miúdo os sectores extractivos e transformadores da lousa e do granito, por seren estes dous os sectores mineiros con máis tradición en Galicia, como o así os reflicten os datos referentes as exportacións destes produtos sendo Galicia a principal exportadora de lousa e de granito de España. Neste bloque analizaranse as mesmas variables que no primeiro bloque, se ben, o período analizado esténdese dende o 2006 ó 2011. A máis considerouse relevante incluír información relativa ós principais fluxos de destino e orixe das exportacións e importacións españolas e galegas de lousa e Granito, tal e como se reflexa na Figura 2.

Figura 2
Presentación Gráfica da información dos fluxos de comercio internacional




Fonte: Elaboración propia

Polo que respecta ó terceiro epígrafe, este correspóndese co Diagnóstico Sintético, que recolle dun xeito resumido as principais ameazas, oportunidades, debilidades e fortalezas detectadas tras a análise realizada no apartado anterior.


Polo que respecta ás fontes de información empregadas, o instrumento fundamental foi a Base de Datos ESTACOM do Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), de onde se obtiveron os valores referentes á exportación e importación de Galicia e España correspondente ós capítulos 25, 26, 68 e 69. Posteriormente, para homoxeneizar a clasificación empregada neste epígrafe coa empregada no resto do documento, procedeuse a

agrupar os códigos arancelarios segundo o esquema que se amosa na Figura 3. Do mesmo xeito nos anexos a este documento inclúese un listado dos códigos TARIC que foron incluídos en cada categoría.



Fonte: Elaboración propia

Finalmente polo que respecta á forma de presentar a información, esta realízase conforme a Figura 4, reflectindo no lado esquerdo a información gráfica, co seu correspondente comentario no lado dereito. Cumpre recordar, que para complementar a información incluída nestes capítulos decidiuse incluír ó final dos mesmos un pequeno apartado que recolle a información cuantitativa que deu orixe ós gráficos en táboas.



Fonte: Elaboración propia

2. ANÁLISE DO COMERCIO INTERNACIONAL DO SECTOR MINEIRO EN ESPAÑA E GALICIA.

Pasando xa a analizar o comercio internacional do sector mineiro en España e Galicia, neste apartado, como se sinalou no epígrafe anterior nun primeiro momento sitúanse os datos referentes ás actividades extractivas do sector mineiro, atopándose no segundo unha breve referencia ós principais produtos elaborados derivados do devandito sector extractivo. Tamén aparecen reflectidos dun xeito máis detallado as cifras que gardan relación co comercio internacional dos produtos asociados ó granito e á lousa, dous dos produtos mineiros con máis tradición en Galicia e ambos estratéxicos na economía galega. Finalmente, no último apartado deste epígrafe faise referencia ós fluxos de destino das exportacións galegas e españolas de cuarzo e caolín.


2.1. BALANZA COMERCIAL DO SECTOR EXTRACTIVO MINEIRO EN ESPAÑA E GALICIA.

A continuación detállanse as principais cifras referentes as exportacións e importacións dos produtos asociados ás actividades extractivas en Galicia. Así en primeiro lugar faise referencia ás exportacións e importacións tanto de España como de Galicia, para posteriormente calcular os correspondentes saldos da balanza comercial e por ultimo reflectir o peso que o conxunto destas importacións e exportacións galegas posúen sobre o total nacional destes mesmos produtos.

En canto á agrupación dos datos, seguirase o esquema proposto na Figura 3, engadindo neste caso as categorías de residuos xerados a partir da extracción dos minerais metálicos, e unha categoría de elementos non clasificados, na que se recollen os códigos TARIC non incluídos nas restantes agrupacións.

Figura 5

Exportacións do sector da minería extractiva en España e Galicia (2009-2011) (Miles de Euros)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Como se pode derivar da Figura 5, a estrutura das exportacións en España e Galicia é moi diverxente, de tal forma que o maior valor das exportacións no conxunto de España acádano os produtos asociados ós residuos metálicos derivados da extracción deste tipo de minerais, sendo tamén importante o peso dos minerais metálicos que acadan un valor no ano 2011 de preto de 475 e 165 millóns de Euros respectivamente. Pola contra en Galicia ambas categorías non teñen apenas peso cun valor que apenas supera os 850.000€ no conxunto das exportacións de minerais metálicos.


En España tamén destacan as exportacións asociadas á outras rochas ornamentais diferentes do granito e da lousa, e as de outros minerais industriais que non sexan o caolín ou o cuarzo ambas categorías con exportacións valoradas en máis de 200 millóns de Euros. Pola súa banda en Galicia adquiren relevancia as exportacións vinculadas ós tres tipos de minerais industriais que se manexan (cuarzo, caolín e outros) cun valor de preto de 45 millóns de Euros, así como as asociadas ó Granito que no ano 2011 chegaron a ter un valor de 20 millóns de Euros.

En canto á evolución sufrida nos últimos anos destaca o crecemento en xeral das exportacións vinculadas ó sector extractivo da minería en España, pois todas as categorías posúen unhas dinámicas de crecemento positivas, se exceptuamos aqueles produtos non clasificados noutras categorías. De entre estes valores, destacan os asociados ós produtos de canteira (168% dende o ano 2009), sobre todo no que se refire á actividade de extracción de arxila cun crecemento de máis de 300 puntos porcentuais dende o ano 2009 ó 2011. Tamén as exportacións de cuarzo están a sufrir unha importante evolución cun crecemento de aproximadamente o 90% para o mesmo período.

Polo que respecta á evolución das exportacións do sector extractivo en Galicia, estas posúen unha dinámica máis irregular que no conxunto de España, pois obsérvanse tendencias moi dispares entre os diferentes produtos. Así atópanse crecementos relativamente significativos, dentro das cantidades menores que se manexan nas exportacións vinculadas a produtos como a lousa (125%) ou a outras rochas ornamentais diferentes do granito e da Lousa (fundamentalmente cuarcita) que chega a acadar un crecemento de máis do 70%, que contrastan coa diminución ou os escasos crecementos de produtos como o caolín cuxa exportación diminúe en 5 puntos porcentuais dende o ano 2009, ou o granito cunha diminución dun 0,55%.

Figura 6

Importacións do sector da minería extractiva en España e Galicia (2009-2011) (Miles de Euros)



(*) Valor non significativo para a súa representación

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Centrándose nos valores que se derivan da análise da Figura 6, pódese observar claramente unha estrutura de importacións centrada nos minerais metálicos tanto no caso do conxunto de España como na Comunidade Autónoma de Galicia, de tal xeito que a relevancia destes produtos provoca unha importancia relativa moito menor na estrutura das importacións do sector de actividades extractivas da minería do resto de produtos aquí sinalados. En canto ós valores concretos destas importacións, no último ano as importacións españolas de minerais metálicos superaron os 1.750 millóns de Euros, chegando as importacións galegas deste produto a superar os 135 millóns.

Por outra banda é importante sinalar que na estrutura das importacións mineiras de Galicia, destaca tamén o importante peso do sector do Granito con valores que chegan os 42 millóns de Euros, importando España no seu conxunto granito en bruto ou simplemente desbastado por un valor de 50 millóns.

En canto á evolución das importacións ó longo dos últimos anos estas en xeral incrementáronse nun 30% en España, diminuíndo en Galicia nun 8%. Así no caso Español destaca o importante incremento das importacións de produtos como cuarzo e outros minerais industriais cun 155% e un 57% dende o ano 2009, fronte a diminucións das importacións de produtos como os englobados no bloque de rochas ornamentais que viu reducida a súa importación en preto dun 20% pasando de superar os 90 millóns de Euros no ano 2009 ós 74 do ano 2011.

No caso galego, diminuíron practicamente as importacións da totalidade dos produtos do sector extractivo mineiro aquí contemplados, a excepción de produtos como a Lousa, cuxas importacións aumentaron en case un 80% ou os englobados dentro da categoría doutros minerais industriais que viron as súas importacións aumentadas nun 60%, sen esquecerse do pequeno incremento sufrido polos produtos vinculados ó granito (9%). Por outro lado as maiores variacións negativas sófrenas produtos como o cuarzo ou o caolín, produto este último que pasou de ter un valor de importacións que superaba os 730.000€ no ano 2009 ós 470.000€ actuais, cunha redución polo tanto de máis do 35%.

Táboa 1
Saldo Comercial do sector da minería extractiva en ESPAÑA (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011
1. MINERAIS METALICOS	-937.649,30	-970.063,90	-1.132.063,17
<i>Minerais Metálicos</i>	-1.152.020,28	-1.230.377,39	-1.471.142,03
<i>Residuos</i>	214.370,98	260.313,48	339.078,86
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	-6.255,21	-28.560,38	21.153,79
<i>Cuarzo</i>	6.670,68	10.978,38	10.961,83
<i>Caolin</i>	-36.764,06	-43.679,50	-47.882,17
<i>Outros Minerais Industriais</i>	23.838,16	4.140,74	58.074,12
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	113.850,75	165.452,61	190.716,14
<i>Granito</i>	-30.686,28	-30.090,03	-24.206,64
<i>Lousa</i>	1.185,61	4.428,37	3.928,09
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	143.351,43	191.114,28	210.994,69
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	1.890,01	66.003,43	69.773,54
<i>Árxila</i>	7.582,19	65.204,70	71.075,00
<i>Áridos</i>	-5.692,18	798,73	-1.301,46
5. NON CLASIFICADOS	90.028,78	69.268,33	76.701,34
TOTAL	-738.134,97	-697.899,89	-773.718,34

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 2
Saldo Comercial do sector da minería extractiva en GALICIA (2009-2011) (Miles de Euros)


	2009	2010	2011
1. MINERAIS METALICOS	-154.627,36	-146.545,70	-135.894,94
<i>Minerais Metálicos</i>	-153.416,00	-144.534,83	-134.773,12
<i>Residuos</i>	-1.211,36	-2.010,86	-1.121,81
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	22.356,27	37.906,10	40.731,04
<i>Cuarzo</i>	8.484,58	16.065,06	16.853,15
<i>Caolin</i>	4.201,81	11.257,09	4.217,46
<i>Outros Minerais Industriais</i>	9.669,87	10.583,94	19.660,42
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	-18.222,12	-20.881,63	-17.358,66
<i>Granito</i>	-18.669,45	-23.196,70	-21.993,69
<i>Lousa</i>	1.694,14	2.543,98	3.876,27
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	-1.246,81	-228,91	758,76
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	-704,97	-1.239,46	218,47
<i>Árxila</i>	-70,39	-34,59	-43,07
<i>Áridos</i>	-634,57	-1.204,86	261,54
5. NON CLASIFICADOS	-713,91	3.144,56	3.092,51
TOTAL	-151.912,10	-127.616,12	-109.211,56

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Unha vez analizados os valores correspondentes ás exportacións e importacións de produtos das actividades extractivas do sector mineiro tanto para Galicia coma para España, cumpre agora facer unha breve referencia ós saldos da balanza comercial resultantes das cifras comentadas na citada análise. Así, en xeral a balanza comercial destas actividades presenta unha situación deficitaria, onde son maiores as importacións que as exportacións.

Deste xeito, destaca o importante saldo negativo da partida de minerais metálicos cunhas importacións que superaron ás exportacións en 1.132 millóns de Euros en España e os 135 millóns en Galicia. Pese a isto hai diversos produtos dos aquí reflectidos, que presentan unha balanza positiva, é dicir, nos que son maiores as exportacións que as importacións, destacando en España os vinculados ó sector das rochas ornamentais cun saldo positivo de 190 millóns de Euros, ó contrario do que ocorre en Galicia, onde o saldo deste produto é negativo, en parte pola gran demanda de Granito que existe nesta comunidade. Así as cousas, en Galicia, o produto con maior diferenza positiva entre as exportacións e as importacións son os relacionados coa minería industrial con 40 millóns de Euros de superávit.


En canto ás evolucións destes saldos destaca o feito de que se dan varios casos nos que a balanza comercial pasa dunha situación negativa no ano 2009 a un saldo positivo no 2011, non ocorrendo esta situación a inversa, como ocorre cos minerais industriais en España, capítulo que pasa dun déficit de 6 millóns de Euros a un superávit de máis de 20, ou cos áridos e coas outras rochas ornamentais diferentes da lousa e do granito en Galicia.




Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Figura 8
Peso das exportacións e importacións do sector da minería extractiva en Galicia
sobre o total das exportacións e importacións do sector en España (2011)

Exportación



Importación



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Para finalizar este epígrafe considerouse relevante analizar a importancia que posúen as exportacións e importacións das actividades do sector extractivo da minería de Galicia sobre o conxunto de España. Así, as exportacións Galegas representaron o 5,29% das exportacións de España no ano 2011 e as importacións un 8,40%.

Se se fai unha análise por produtos, o que se deriva da figura da páxina anterior, é que hai diversas categorías onde as exportacións galegas son fundamentais para o conxunto das exportacións españolas. Así ocorre por exemplo no caso do cuarzo, onde Galicia representa un 97% das exportacións españolas, no do Granito cun peso do 75% e no da Lousa cun 70%, a máis do Caolín exportado por Galicia que tamén posúe unha certa importancia sobre as exportacións españolas, pois supón o 22% destas.

No tocante ás importacións destaca sobre todo a importancia dos produtos asociados ás rochas ornamentais, en parte derivado do gran peso que posúen as importacións de Granito a Galicia sobre o conxunto de España. Así mesmo tamén é importante aínda que en menor medida o peso que posúen as importacións de produtos asociados á extracción de minerais metálicos que se aproximan ó 10%.

En canto á evolución destas cifras que se pode observar na Táboa 7e na Táboa 8 do anexo, estas mantéñense máis ou menos estables nos tres anos analizados, se ben destacan o incremento do peso de Galicia nas exportacións de Lousa, pois pasa de representar o 40% das exportacións deste produto en España no ano 2009 ó 70% no ano 2011, así como o incremento neste caso, nas importacións de Granito que pasan de representar o 69% das importacións deste produto en España a representar case o 85%.

Información complementaria cuantitativa da balanza comercial do sector extractivo

Táboa 3
Exportacións do sector da minería extractiva en España (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
1. MINERAIS METÁLICOS	402.829,171	592.515,862	637.569,260	58,27%
<i>Minerais Metálicos</i>	117.478,234	214.897,035	163.108,479	38,84%
<i>Residuos</i>	285.350,938	377.618,827	474.460,781	66,27%
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	185.399,108	240.681,320	309.336,723	66,85%
<i>Cuarzo</i>	9.180,852	16.643,366	17.363,905	89,13%
<i>Caolín</i>	17.612,650	25.781,571	21.309,733	20,99%
<i>Outros Minerais Industriais</i>	158.605,605	198.256,383	270.663,085	70,65%
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	205.569,598	244.741,447	265.120,782	28,97%
<i>Granito</i>	24.662,261	22.893,001	25.945,861	5,20%
<i>Lousa</i>	4.142,046	6.555,001	5.721,426	38,13%
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	176.765,291	215.293,445	233.453,495	32,07%
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	42.607,313	111.390,377	113.934,087	167,41%
<i>Arxila</i>	20.055,550	81.228,560	87.164,461	334,62%
<i>Áridos</i>	22.551,763	30.161,818	26.769,626	18,70%
5. NON CLASIFICADOS	106.330,055	85.137,645	94.840,647	-10,81%
TOTAL	942.735,245	1.274.466,651	1.420.801,500	50,71%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 4
Importacións do sector da minería extractiva en España (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
1. MINERAIS METÁLICOS	1.340.478,478	1.562.579,766	1.769.632,431	32,01%
<i>Minerais Metálicos</i>	1.269.498,521	1.445.274,427	1.634.250,517	28,73%
<i>Residuos</i>	70.979,957	117.305,339	135.381,915	90,73%
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	191.654,320	269.241,700	288.182,929	50,37%
<i>Cuarzo</i>	2.510,164	5.664,981	6.402,067	155,05%
<i>Caolín</i>	54.376,719	69.461,080	69.191,904	27,25%
<i>Outros Minerais Industriais</i>	134.767,438	194.115,639	212.588,958	57,75%
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	91.718,846	79.288,829	74.404,635	-18,88%
<i>Granito</i>	55.348,551	52.983,039	50.152,505	-9,39%
<i>Lousa</i>	2.956,437	2.126,631	1.793,331	-39,34%
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	33.413,858	24.179,159	22.458,799	-32,79%
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	40.717,303	45.386,941	44.160,544	8,46%
<i>Arxila</i>	12.473,357	16.023,853	16.089,457	28,99%
<i>Áridos</i>	28.243,946	29.363,087	28.071,086	-0,61%
5. NON CLASIFICADOS	16.301,275	15.869,307	18.139,307	11,28%
TOTAL	1.680.870,222	1.972.366,542	2.194.519,846	30,56%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 5
Exportacións do sector da minería extractiva en Galicia (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
1. MINERAIS METÁLICOS	541,912	5.274,302	852,844	57,38%
<i>Minerais Metálicos</i>	533,352	5.089,064	847,180	58,84%
<i>Residuos</i>	8,559	185,239	5,664	-33,83%
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	25.123,451	42.911,428	44.440,421	76,89%
<i>Cuarzo</i>	8.501,781	16.069,872	16.856,292	98,27%
<i>Caolín</i>	4.934,849	11.832,243	4.688,908	-4,98%
<i>Outros Minerais Industriais</i>	11.686,821	15.009,313	22.895,220	95,91%
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	22.362,041	21.867,121	25.246,943	12,90%
<i>Granito</i>	19.563,157	17.663,767	19.455,608	-0,55%
<i>Lousa</i>	1.793,257	2.848,523	4.054,224	126,08%
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	1.005,627	1.354,831	1.737,111	72,74%
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	1.258,216	1.174,166	1.274,971	1,33%
<i>Arxila</i>	0,652	1,855	1,625	149,21%
<i>Áridos</i>	1.257,564	1.172,311	1.273,346	1,25%
5. NON CLASIFICADOS	1,642	3.265,049	3.409,776	207566,22%
TOTAL	49.287,261	74.492,066	75.224,954	52,63%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 6
Importacións do sector da minería extractiva en Galicia (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
1. MINERAIS METÁLICOS	155.169,277	151.820,006	136.747,783	-11,87%
<i>Minerais Metálicos</i>	153.949,355	149.623,902	135.620,304	-11,91%
<i>Residuos</i>	1.219,922	2.196,104	1.127,479	-7,58%
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	2.767,180	5.005,319	3.709,378	34,05%
<i>Cuarzo</i>	17,197	4,807	3,133	-81,78%
<i>Caolín</i>	733,035	575,146	471,446	-35,69%
<i>Outros Minerais Industriais</i>	2.016,947	4.425,366	3.234,799	60,38%
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	40.584,168	42.748,754	42.605,603	4,98%
<i>Granito</i>	38.232,612	40.860,472	41.449,302	8,41%
<i>Lousa</i>	99,117	304,536	177,953	79,54%
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	2.252,439	1.583,746	978,348	-56,56%
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	1.963,191	2.413,626	1.056,495	-46,18%
<i>Arxila</i>	71,051	36,451	44,698	-37,09%
<i>Áridos</i>	1.892,140	2.377,175	1.011,796	-46,53%
5. NON CLASIFICADOS	715,554	120,485	317,258	-55,66%
TOTAL	201.199,369	202.108,190	184.436,518	-8,33%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 7
Peso das exportacións do sector da minería extractiva en Galicia sobre o total das exportacións de España(2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011
1. MINERAIS METÁLICOS	0,13%	0,89%	0,13%
<i>Minerais Metálicos</i>	0,45%	2,37%	0,52%
<i>Residuos</i>	0,00%	0,05%	0,00%
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	13,55%	17,83%	14,37%
<i>Cuarzo</i>	92,60%	96,55%	97,08%
<i>Caolín</i>	28,02%	45,89%	22,00%
<i>Outros Minerais Industriais</i>	7,37%	7,57%	8,46%
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	10,88%	8,93%	9,52%
<i>Granito</i>	79,32%	77,16%	74,99%
<i>Lousa</i>	43,29%	43,46%	70,86%
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	0,57%	0,63%	0,74%
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	2,95%	1,05%	1,12%
<i>Arxila</i>	0,00%	0,00%	0,00%
<i>Áridos</i>	5,58%	3,89%	4,76%
5. NON CLASIFICADOS	0,00%	3,84%	3,60%
TOTAL	5,23%	5,84%	5,29%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 8
Peso das importacións do sector da minería extractiva en Galicia sobre o total das importacións de España(2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011
1. MINERAIS METÁLICOS	11,58%	9,72%	7,73%
<i>Minerais Metálicos</i>	12,13%	10,35%	8,30%
<i>Residuos</i>	1,72%	1,87%	0,83%
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	1,44%	1,86%	1,29%
<i>Cuarzo</i>	0,69%	0,08%	0,05%
<i>Caolín</i>	1,35%	0,83%	0,68%
<i>Outros Minerais Industriais</i>	1,50%	2,28%	1,52%
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	44,25%	53,92%	57,26%
<i>Granito</i>	69,08%	77,12%	82,65%
<i>Lousa</i>	3,35%	14,32%	9,92%
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	6,74%	6,55%	4,36%
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	4,82%	5,32%	2,39%
<i>Arxila</i>	0,57%	0,23%	0,28%
<i>Áridos</i>	6,70%	8,10%	3,60%
5. NON CLASIFICADOS	4,39%	0,76%	1,75%
TOTAL	11,97%	10,25%	8,40%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

2.2. BALANZA COMERCIAL DOS PRODUTOS ELABORADOS DO SECTOR MINEIRO EN ESPAÑA E GALICIA.

Neste segundo apartado detállanse as principais cifras correspondentes as exportacións e importacións dos produtos asociados ás actividades de transformación vinculados ós principais produtos mineiros. Deste xeito, entendemos por produtos elaborados, a transformacións das materias primas a produtos finais, é dicir, aqueles que saen das canteiras, minas ou plantas de elaboración listos para a súa utilización (VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO, E; 2003).

Tendo en conta o anterior, neste apartado falarase de produtos elaborados de seis tipoloxías, que teñen a súa correspondencia coa clasificación dos minerais empregada no epígrafe anterior. Teranse en conta polo tanto, produtos elaborados con bastante nivel de actividade en Galicia e en España, como os derivados do Granito, a Lousa ou a Arxila, e incluso outras industrias transformadoras deste sector con un nivel de actividade menor no conxunto do Estado e da Comunidade Autónoma, como os produtos elaborados de outras rochas ornamentais diferentes do granito e da lousa, os que gardan relación cos minerais industriais, e os que se derivan da transformación de áridos.

En canto ós códigos TARIC empregados para a agregación de datos neste apartado, estes relaciónanse no anexo, empregándose como no caso anterior, a base de datos ESTACOM do Instituto Comercio Exterior (ICEX). Consecuentemente, seguirase tamén a mesma estrutura de presentación dos datos ca que se empregou no apartado anterior, facendo referencia en primeiro lugar ás exportacións e importacións tanto de España como de Galicia, para posteriormente calcular os correspondentes saldos da balanza comercial e por ultimo reflectir o peso que o conxunto destas importacións e exportacións galegas posúen sobre o total nacional destes mesmos produtos.

Figura 9

Exportacións do sector de transformados dos produtos mineiros en España e Galicia(2009-2011) (Miles de Euros)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom


Centrándose xa na análise dos datos que se presentan neste capítulo, e analizado a estrutura das exportacións nos tres últimos anos dos produtos elaborados do sector mineiro, tal e como se pode comprobar na Figura 9, esta é moi diferente no conxunto do estado, que en Galicia. A grandes trazos pódese sinalar que no caso Español as exportacións máis importantes son as que gardan relación cos transformados da arxila, é dicir, cos produtos cerámicos, exportacións que chegan a acadar no ano 2011 un valor que supera os 1.200 millóns de Euros. Son tamén importantes as exportacións vinculadas á transformación de outros minerais industriais diferentes do cuarzo e do caolín (cal, cementos, manufacturas do xeso ou elementos prebafricados entre outros), dado que superan os 700 millóns de Euros no xa citado ano 2011.

Polo que corresponde a esta mesma estrutura en Galicia, destacan polo seu valor as exportacións de produtos elaborados relacionados coa lousa que superaron no ano 2011 os 180 millóns de Euros. Do mesmo xeito tamén son importantes en Galicia as exportacións dos produtos transformados do granito que rodean os 65 millóns de Euros.

En canto á evolución sufrida nos últimos tres anos na exportación destes produtos, é importante destacar o feito que tanto en España como en Galicia as exportacións de transformados dos minerais medraron, producíndose un incremento xeral do 14% en España e do 16% en Galicia. Ademais este incremento prodúcese de xeito xeralizado, pois todos os produtos experimentaron evolucións positivas, a excepción dos produtos derivados da arxila en Galicia, que se reduciron un 9%. Destacan deste xeito, o incremento das exportacións dos produtos derivados dos minerais industriais diferentes do cuarzo e do caolín en España, e o sufrido tamén polo sector do granito, ademais do capítulo de outras rochas ornamentais, pois ambos tipos de exportacións medraron tanto en Galicia coma en España.

Figura 10

Importacións do sector de transformados dos produtos mineiros en España e Galicia(2009-2011) (Miles de Euros)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Polo que respecta ó campo das importacións de produtos elaborados do sector mineiro, a estrutura das mesmas, que se pode observar na Figura 10, amosa que no caso de España, estas están centradas en dous tipos de produtos, por unha banda os derivados da arxila que acadaron un valor das importacións de máis de 420 millóns de Euros, e por outra os que gardan relación con outros minerais industriais diferentes do cuarzo e do caolín que superaron os 375 millóns de Euros no ano 2011.

Pola súa banda, a situación en Galicia é un tanto diferente, pois aínda que na estrutura das importacións como no conxunto do estado, posúen un gran peso as relacionadas cos minerais industriais, en Galicia non teñen tanto peso relativo as importacións de Arxila que no ano 2011 rondaron os 13 millóns de Euros.

En canto á evolución destas importacións, esta reflicte que nos últimos tres anos, existiu unha importante redución das mesmas, pois en España as importacións dos capítulos relacionados cos produtos elaborados do sector mineiro descenderon un 10% e en Galicia fixérono en case un 30%. Se se analiza esta redución por produtos obsérvase como en España os únicos produtos que aumentaron as súas importacións foron os derivados da lousa, e en Galicia os vinculados á transformación da arxila. Pola contra, os que máis diminuíron as súas importacións foron no caso de España os produtos elaborados do sector do granito con máis dun 34% de redución e tamén os minerais industriais diferentes do cuarzo e do caolín, cuxas importacións descenderon un 14%.

Polo que respecta a evolución das importacións en Galicia, é importante destacar o feito de que a excepción do caso da Arxila, todos os demais produtos elaborados do sector mineiro aquí considerados viron reducidas as súas importacións máis dun 30%, e aproximándose ó 40% no caso das relacionadas cos produtos transformados do Granito e da Lousa.

Táboa 9

Saldo Comercial dos Produtos Transformados do sector mineiro en ESPAÑA (2009-2011) (Miles de Euros)

Produtos transformados		2009	2010	2011
	Áridos	578,20	252,48	1.253,26
	Arxila	1.548.496,94	1.584.829,54	1.822.998,87
	Granito	41.563,81	43.586,92	69.800,20
	Lousa	240.583,62	250.468,03	261.898,39
	Outras Rochas Ornamentais	139.942,66	137.996,54	170.148,52
	Outros Minerais Industriais	180.357,18	282.531,72	379.382,92
	TOTAL	2.151.522,43	2.299.665,25	2.705.482,18

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Táboa 10

Saldo Comercial dos Produtos Transformados do sector mineiro en GALICIA (2009-2011) (Miles de Euros)

Produtos transformados		2009	2010	2011
	Áridos	0,00	0,0	0,00
	Arxila	164,31	-2.792,71	-1.473,43
	Granito	45.728,60	52.049,23	61.890,81
	Lousa	156.720,83	156.419,35	182.247,81
	Outras Rochas Ornamentais	1.068,07	2.027,45	3.945,15
	Outros Minerais Industriais	-15.956,48	-11.626,34	-1.760,22
	TOTAL	187.725,33	196.076,990	244.850,13


Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Para obter unha visión agregada do análise do comercio internacional dos produtos elaborados do sector mineiro, ó igual que se fixo no caso do sector extractivo, na Táboa 9 e Táboa 10, amósanse os saldos comerciais dos transformados derivados dos principais produtos mineiros, obtidos da diferenza entre as exportacións e as importacións destes produtos. Tendo en conta isto, en España o saldo comercial dos citados produtos é positivo, para todos os produtos analizados, de tal xeito que para o ano 2011 a diferenza entre o valor das exportacións e o das importacións era de 2.705 millóns de Euros. Por produtos, os que experimentan unha balanza cun saldo positivo maior son os elaborados a partir da arxila, pois posúen un superávit de máis de 1.800 millóns de Euros.

En canto á evolución destas cifras, destaca o feito de que o saldo positivo se ven incrementando ó longo do período analizado, pois no ano 2009 este era de 2.100 millóns e no 2011 como xa se comentou situouse nos 2.700, situación que se da en todos os produtos elaborados do sector mineiro analizados.



No tocante ás cifras que reflicten os saldos comerciais destes produtos para a Comunidade Autónoma de Galicia, ó igual que acontecía no conxunto de España a situación xeral é positiva cun saldo de 244 millóns de Euros. Pese a isto existen algunhas partidas que presentan un saldo negativo. Así ocorre no caso dos minerais industriais diferentes do cuarzo e do caolín e tamén nos produtos derivados da transformación da arxila.

En canto á evolución destes indicadores cumpre sinalar que ó igual que no caso español, as partidas analizadas ven incrementadas os seus saldos positivos co paso dos anos, e incluso naquelas partidas que empezan o período analizado con saldo negativo, diminúen este, o que fai que estean cada vez máis preto de acadar o equilibrio.



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Figura 12
Peso das exportacións e importacións do sector de transformados dos produtos mineiros de Galicia sobre o total das exportacións e importacións do sector en España (2011)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Para finalizar este epígrafe, como no anterior, considerouse relevante analizar tamén a importancia que posúen as exportacións e importacións das actividades do sector dos produtos elaborados da minería de Galicia sobre o conxunto de España. Así, en termos xerais pódese dicir, segundo o que se observa na

Figura 12 que no ano 2011 as exportacións destes produtos elaborados galegos supuxeron o 9% dos exportados polo conxunto de España e aproximadamente o 4,75% das importacións dos mesmos.

En canto o peso detectado por produtos, destaca o importante peso de Galicia no que concirne ás exportacións de produtos relacionados coa lousa e o granito, posto que no ano 2011 as exportacións feitas dende a Comunidade Autónoma de Galicia supoñían case o 70% do total das exportacións destes produtos en España.

Se se analizan as importacións destes mesmos produtos a Galicia, é importante dicir que o seu peso é moito menor, adquirindo relevancia as partidas de produtos elaborados do granito cun 15% das importacións do conxunto de España e á de elaborados da lousa cun 8,25%.

Finalmente, no tocante a análise das tendencias obsérvase que no caso do peso das exportacións galegas de produtos elaborados este mantense máis ou menos estable ó longo do período analizado, mentres que no caso das importacións galegas estas ven reducidas a súa importancia sobre o conxunto das importacións españolas.

Información complementaria cuantitativa da balanza comercial dos produtos elaborados do sector mineiro

Táboa 11

Exportacións do sector de transformados dos produtos mineiros en España (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
Áridos	584,694	2.034,311	1.268,641	116,98%
Arxila	2.000.792,349	2.092.588,529	2.250.152,129	12,46%
Granito	87.000,988	93.886,032	99.380,488	14,23%
Lousa	250.310,087	262.775,418	273.868,535	9,41%
Outras Rochas Ornamentais	178.099,444	181.598,697	203.493,236	14,26%
Outros Minerais Industriais	622.167,149	713.615,549	758.198,571	21,86%
TOTAL	3.138.954,711	3.346.498,536	3.586.361,599	14,25%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 12

Importacións do sector de transformados dos produtos mineiros en España (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
Áridos	6,493	1.781,827	15,374	136,78%
Arxila	452.295,402	507.758,989	427.153,259	-5,56%
Granito	45.437,178	50.299,109	29.580,287	-34,90%
Lousa	9.726,459	12.307,381	11.970,144	23,07%
Outras Rochas Ornamentais	38.156,783	43.602,149	33.344,707	-12,61%
Outros Minerais Industriais	441.809,960	431.083,829	378.815,647	-14,26%
TOTAL	987.432,275	1.046.833,284	880.879,419	-10,79%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 13

Exportacións do sector de transformados dos produtos mineiros en Galicia (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
Áridos	0,000	0,000	0,000	-
Arxila	12.797,322	11.384,886	11.594,877	-9,40%
Granito	53.060,767	59.254,214	66.310,335	24,97%
Lousa	158.355,199	157.974,452	183.234,851	15,71%
Outras Rochas Ornamentais	1.844,697	2.776,704	4.483,468	143,05%
Outros Minerais Industriais	19.309,910	28.643,694	20.789,424	7,66%
TOTAL	245.367,896	260.033,950	286.412,955	16,73%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 14

Importacións do sector de transformados dos produtos mineiros en Galicia (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011	Variación
Áridos	0,000	0,000	0,000	
Arxila	12.633,010	14.177,596	13.068,312	3,45%
Granito	7.332,163	7.204,978	4.419,517	-39,72%
Lousa	1.634,365	1.555,098	987,037	-39,61%
Outras Rochas Ornamentais	776,624	749,248	538,311	-30,69%
Outros Minerais Industriais	35.266,398	40.270,040	22.549,645	-36,06%
TOTAL	57.642,560	63.956,961	41.562,821	-27,90%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 15

Peso das exportacións dos Produtos Transformados do sector mineiro en Galicia sobre o total das exportacións de España (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011
Áridos	0,00%	0,00%	0,00%
Arxila	0,64%	0,54%	0,52%
Granito	60,99%	63,11%	66,72%
Lousa	63,26%	60,12%	66,91%
Outras Rochas Ornamentais	1,04%	1,53%	2,20%
Outros Minerais Industriais	3,10%	4,01%	2,74%
TOTAL	7,82%	7,77%	7,99%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

Táboa 16

Peso das importacións dos Produtos Transformados do sector mineiro en Galicia sobre o total das importacións de España (2009-2011) (Miles de Euros)

	2009	2010	2011
Áridos	0,00%	0,00%	0,00%
Arxila	2,79%	2,79%	3,06%
Granito	16,14%	14,32%	14,94%
Lousa	16,80%	12,64%	8,25%
Outras Rochas Ornamentais	2,04%	1,72%	1,61%
Outros Minerais Industriais	7,98%	9,34%	5,95%
TOTAL	5,84%	6,11%	4,72%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

2.3. ANÁLISE ESPECÍFICA DA BALANZA COMERCIAL E DOS FLUXOS DE COMERCIO DO SECTOR DA LOUSA.

Da análise dos puntos anteriores, parece evidenciarse que un dos produtos clave tanto do sector extractivo como do sector elaborador, é a lousa, sector este no que Galicia é a principal Comunidade Autónoma exportadora en España, sendo este un dos principais motivos polos que a continuación se procede a analizar polo miúdo o comercio internacional deste sector.

Cumpre aclarar en primeiro lugar, que novamente se volveu a empregar a base de datos ESTACOM do Instituto de Comercio Exterior (ICEX), como fonte principal dos datos, seleccionando neste caso os seguintes códigos para realizar a análise detallada das actividades relacionadas coa extracción e transformación da lousa en España e Galicia:

ACTIVIDADES EXTRACTIVAS:



2514 *Pizarra, incluso desbastada o simplemente troceada, por aserrado o de otro modo, en bloques o en placas cuadradas o rectangulares*

ACTIVIDADES TRANSFORMADORAS:

6803 *Pizarra natural trabajada y manufacturas de pizarra natural o aglomerada (excepto en losetas, cubos, dados y artículos similares, de cualquier forma en los que la superficie mayor pueda inscribirse en un cuadrado de lado inferior a 7 cm; y en gránulos, tasquiles y polvo, coloreados artificialmente).*

En canto á presentación da información, seguirase un esquema moi similar ó empregado nos apartados anteriores, así en primeiro lugar farase referencia as exportacións tanto españolas como galegas de lousa, para seguidamente facer o propio coas importacións. A continuación preséntanse as cifras correspondentes ós saldos comerciais e autonómicos, así coma os pesos da exportación galega de lousa sobre o total de exportacións deste produto. Finalmente, tamén se considerou relevante analizar os países orixe e destino das exportacións e importacións respectivamente, tanto para Galicia coma para España, o que permitirá identificar os principais mercados da lousa a nivel internacional.

Figura 13
Exportacións de lousa en España e Galicia(2009-2011) (Miles de Euros)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Centrándose xa no análise das cifras concretas que presenta o sector da lousa, no tocante ás exportacións deste produto en España superaron no ano 2011 un valor de aproximadamente 280 millóns de Euros e en Galicia os 187 millóns de Euros.



Por produtos, segundo se pode observar na Figura 13, tanto en España como en Galicia, o valor das exportacións dos produtos elaborados da lousa (código 6803) supera amplamente o valor das exportacións da lousa en bruto (código 2514) acadando en España os 273 millóns de Euros de exportación de produto elaborado e tan só os 5 millóns de produto transformado. En Galicia, as cifras son moi semellantes acadando as exportacións de produtos elaborados uns 183 millóns e as de lousa en bruto unha cifra de 4 millóns.

En canto á evolución sufrida polas exportacións deste produto, estas non seguen unha liña constante, senón que sofren altos e baixos ó longo de todo o período dos seis anos analizados. Se nos fixamos en primeiro lugar na evolución sufrida polas exportacións de lousa en España, obsérvase como dende o ano 2006 estas reducíronse en xeral máis dun 15%, redución que afectou con máis profundidade ó sector da lousa en bruto que viu o valor total das súas exportacións reducido nun 30%.

No tocante á evolución das exportacións do sector da lousa galego, ó igual que no caso español, en termos xerais as exportacións tamén se viron reducidas en aproximadamente un 18%. Sen embargo, cumpre salientar que ó contrario do que acontecía en España, en Galicia aumentan as exportacións deste produto en bruto en máis dun 40% dende o ano 2006, se ben é importante resaltar que esta evolución non se produce dun xeito estable e prolongado no tempo senón que sofre importantes cambios, pasando por exemplo dun valor de máis de 2 millóns no ano 2006 a 7 no ano 2007 para baixar a 1 millón no 2009, subindo novamente ós 4 millóns de Euros no último ano analizado.

Finalmente polo que corresponde a evolución do valor das exportacións de lousa transformada en Galicia, este viuse reducido en aproximadamente un 20% no período 2006 – 2011, observándose neste caso unha tendencia negativa constante no tempo.

Figura 14
Importacións de lousa a España e Galicia(2009-2011) (Miles de Euros)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom


Pasando xa a analizar as importacións de lousa no período 2006-2011 tanto para España coma para Galicia, cumpre sinalar que no último ano estas acadaron unhas cifras próximas ós 13 millóns de Euros en España e a 1 millón de Euros en Galicia.

Se se fai esta análise por produtos obsérvase que tamén neste caso o valor das importacións dos produtos transformados supera o valor do produto en bruto, sen embargo a diferenza é moito menor que no caso anterior. Así, en España as importacións de lousa traballada acadaron un valor de máis de 11 millóns e medio de Euros, mentres que as de lousa en bruto se achegaron ós 2 millóns. Pola súa banda en Galicia, estes valores foron aproximadamente de 900.000 e de 170.000 Euros respectivamente.

No tocante á evolución sufrida polas importacións de lousa no seu conxunto no período 2006 – 2010, tanto en España coma en Galicia, a tendencia é negativa, sufrindo unhas diminucións do 37% no caso español e do 73% no galego. Sen embargo, ó analizar esta evolución por produtos obsérvase como este descenso non é homoxéneo en ambos territorios, pois mentres que en España caen con máis forza as importacións de lousa en bruto (case un 80% en todo o período), en Galicia fano as importacións de lousa traballada (un 75%) pasando de máis de 4 millóns no ano 2006 a menos de 1 no 2011.

Finalmente, tamén cumpre sinalar que as importacións de lousa en bruto tamén sofren un importante descenso en Galicia, que se aproxima ó 40%, namentres que en España a demanda de lousa traballada tan só descende un 12%.

Figura 15
Evolución do Saldo Comercial da lousa en España e Galicia (2006-2011) (Miles de Euros)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Táboa 17
Saldo Comercial da lousa en ESPAÑA (2006-2011) (Miles de Euros)

TARIC	2006	2007	2008	2009	2010	2011
2514	-403,45	2.742,0	3.074,17	1.185,6	4.428,3	3.928,09
6803	307.973,91	317.487,91	272.152,92	240.583,62	250.468,03	261.898,39
TOTAL	307.570,46	320.229,96	275.227,09	241.769,23	254.896,40	265.826,48

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom

Táboa 18
Saldo Comercial da lousa en GALICIA(2006-2011) (Miles de Euros)

TARIC	2006	2007	2008	2009	2010	2011
2514	2.497,86	6.782,24	4.569,21	1.694,14	2.543,99	3.876,27
6803	223.982,13	230.566,55	200.288,91	156.720,83	156.419,35	182.247,81
TOTAL	226.479,98	237.348,79	204.858,12	158.414,97	158.963,34	186.124,08

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX - Estacom


Para complementar o análise das exportacións e importacións de lousa en España e Galicia, considerouse oportuno analizar os saldos comerciais que deixan as operacións de comercio internacional con este produto.

Así, a Táboa 17, amosa o saldo comercial das operacións de comercio internacional con lousa en España, da cal se pode deducir con total claridade a situación de superávit que se dá con razón a este produto, tanto se se está a falar de lousa en bruto coma de lousa traballada. Con todo, cumpre sinalar que o saldo destas operacións está a diminuír, pasando dun superávit no ano 2006 de máis de 300 millóns ós 260 actuais. Por produtos, o que posúe un maior peso nesta balanza, en consonancia coas cifras dos apartados anteriores, son os produtos transformados da lousa.

Pola súa banda, polo que corresponde a Galicia a Táboa 18, amosa as principais cifras correspondentes ós saldos comerciais do período 2006 – 2010. Deste xeito, pódese ver como tamén neste caso, a situación é amplamente de superávit, superando en todos os anos do período as exportacións ás importacións, tanto para a lousa en bruto como para a lousa traballada.

En canto a evolución desta balanza comercial do conxunto dos produtos relacionados coa lousa en Galicia, é importante destacar o feito de que ó igual que acontecía en España, as diferenzas entre exportacións e importacións, estanse a reducir, coa consecuente diminución do correspondente saldo comercial que pasa en Galicia de máis de 200.000 € no ano 2006 ós 186.000€ do último ano analizado, o que supón un saldo un 18% menor co inicio do período.

Figura 16
Peso das exportacións e importacións de lousa en Galicia
sobre o total das exportacións e importacións en España (2011)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom

No tocante á importancia que posúe Galicia no comercio internacional de lousa en España, a Figura 16, amosa o peso que as exportacións e importacións de lousa en bruto e transformada teñen sobre o conxunto das exportacións e importacións nacionais deste produto.

Así, polo que se refire ó peso das exportacións galegas sobre as nacionais, cumpre sinalar que no ano 2011 estas supuñan o 67% do comercio internacional de lousa de España, sendo un pouco superior a porcentaxe do produto en bruto cá do produto traballado (70% fronte a 66%). Se complementamos esta figura coa visión da Táboa 19 pódese ver cómo estas cifras variaron, pois no ano 2006 eran a lousa transformada á que tiña unha maior relevancia cun 71% das exportacións nacionais, mentres que as exportacións de lousa en bruto galegas non chegaban ó 36% do total de exportacións deste produto en España.

Polo que concirne ó peso das importacións galegas sobre o total nacional, este é moito menor co peso das exportacións, así en xeral as importacións galegas de lousa tan só supoñen o 8% das importacións nacionais, cuns porcentaxes moi similares tanto no produto en bruto como no produto transformado. Do mesmo xeito, é importante resaltar o feito de que este peso das importacións se ven reducindo ó longo do período analizado, pois no ano 2006 as importacións galegas de lousa supuñan un 20% das nacionais. Esta redución afectou sobre todo á partida de lousa elaborada que pasou de representar un 30% das importacións nacionais no ano 2006 ó 8% actual. Pola súa banda a lousa en bruto segue unha tendencia contraria, pois pasou de representar apenas o 3% das importacións nacionais deste produto no ano 2006 a case un 10% no ano 2011.

Táboa 19
Peso das Exportacións de Lousa de Galicia sobre o total das exportacións de España (2006 -2011)

	2006	2011
2514	35,84%	70,86%
6803	70,90%	66,91%
TOTAL	70,06%	66,99%

Táboa 20
Peso das Importacións de Lousa de Galicia sobre o total de Exportacións de España 2006-2011

	2006	2011
2514	3,84%	9,92%
6803	29,68%	8,25%
TOTAL	19,95%	8,46%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos ICEX – Estacom




Para complementar a información ofrecida nas páxinas anteriores considerouse oportuno incluír información sobre os principais países orixe e destino das exportacións e importacións tanto galegas como españolas. Así o mapa que se reflicte na páxina anterior, amosa os principais países destino das exportacións españolas de lousa no período 2006 – 2011, se ben as cantidades reflectidas na imaxe son as correspondentes ó período 2009 – 2011.

Tendo en conta o anterior, o principal país destino das exportacións españolas de lousa, é Francia que no período 2009 – 2011 absorbeu case o 50% das exportacións españolas deste produto, se ben o valor das exportacións a este país reduciuse en máis dun 15% dende o ano 2006. O seguinte país con maior importancia á hora de recibir a lousa española, é Alemaña que absorbe o 20% deste produto, aínda que como no caso anterior o valor das exportacións que recibe tamén se viu reducido, nun 6% dende o ano 2006.

O seguinte país que máis lousa española recibe é o Reino Unido, en concreto o país británico recibe aproximadamente o 16% das exportacións españolas, aínda que como nos casos anteriores o seu consumo de lousa española se reduciu, neste caso nun 23% dende o ano 2006.

